

O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Outubro 2008

ÍNDICE:

- 1. PRINCIPIOS XERAIS QUE INSPIRAN A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA.**
- 2. FINALIDADES (OBXECTIVOS XERAIS).**
- 3. COMO ENTENDEMOS O PROGRESO EDUCATIVO NO NOSO CENTRO.**
- 4. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN.**
- 5. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO**
- 6. CONCLUSIÓN: MISIÓN, VISIÓN E VALORES**

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO COLEXIO

LA GRANDE OBRA DE ATOCHA

1. PRINCIPIOS XERAIS QUE INSPIRAN A NOSA ACCIÓN EDUCATIVA

O colexio La Grande Obra de Atocha, cuxa titularidade corresponde ao Instituto Secular Feminino “Fillas da Natividade de María”, leva a cabo o seu labor educativo inspirado nos seguintes principios:

A) Colabora cos fins que a sociedade civil asigna ao seu sistema educativo facendo propios os principios que o inspiran, presentes na Constitución Española e nas Leis vixentes:

1. A igualdade de oportunidades a unha educación de calidade para todos os alumnos, no respecto aos principios democráticos e aos dereitos e liberdades fundamentais.
2. A transmisión dos valores que serven de fundamento á liberdade persoal, á responsabilidade social, á igualdade e á solidariedade mediante a participación na sociedade civil.
3. A concepción activa da educación como elemento compensador das desigualdades persoais e sociais.
4. A participación dos distintos sectores da comunidade educativa, no ámbito das súas correspondentes competencias e responsabilidades, como medio para a consecución dos obxectivos da educación.
5. A concepción da educación como proceso permanente que obriga a dirixir a acción docente cara o desenvolvemento de capacidades para aprender a aprender.
6. A convicción de que a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor dos educandos han de fundamentarse nun alto sentido da responsabilidade e en habilidades de esforzo persoal.
7. O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro, xunto coa flexibilidade de estruturas e organizacións, farán posible adaptar a acción docente ás necesidades cambiantes da sociedade e dos alumnos.
8. O recoñecemento da función docente como factor esencial da calidade da educación.
9. A eficacia do centro está vinculada á capacidade do mesmo para avaliar os seus deseños, a súa organización e o proceso de ensino-aprendizaxe.

B) En canto escola católica, o colexio La Grande Obra de Atocha atopa a súa verdadeira xustificación na misión mesma da Igrexa: proclamar a mensaxe evanxélica. Funda, polo tanto, a súa acción educativa nos seguintes principios:

1. A escola católica é verdadeiro suxeito eclesial, e dirixe a súa acción á formación da personalidade cristiá dos seus alumnos.
2. O espírito evanxélico debe manifestarse a través dun estilo cristián de pensamento e de vida que impregne todos os elementos do ambiente educativo.
3. O ambiente xeral do centro debe estar animado polo espírito de caridade e de liberdade.
4. Os educadores, como persoas e como comunidade, son os primeiros responsables en crear o peculiar estilo cristián do colexio.
5. A cultura humana e as ciencias do saber teñen a súa autonomía e a súa metodoloxía e, polo tanto, deben ser expostas con obxectividade. Sen embargo, o educador expón criticamente ciencia e cultura sen a separar da fe, **situando no centro do seu ensino sempre á persoa** na súa integridade.
6. O respecto á liberdade relixiosa e de conciencia dos alumnos e das familias, firmemente tuteladas pola Igrexa, non pode supor renuncia á liberdade de proclamar a mensaxe evanxélica e de expor ou proferir os valores humanos del derivados.

C) En canto centro rexentado polo Instituto Secular Fillas da Natividade de María, inspírase no espírito educativo do seu fundador, D. Baltasar Pardal Vidal, e da súa tradición. Son, pois, **fundamentos específicos do seu estilo educativo**:

1. Unha entrega xenerosa dos educadores á tarefa da educación con espírito de gratuidade, paciencia, autenticidade e amor aos alumnos, de modo especial aos máis necesitados. Iso supón unha atención á súa persoa transcendendo o seu rendemento académico.
2. Un clima de alegría, amizade e fraternidade que brota do diálogo, apoio e comprensión mutua, e tradúcese nun trato respectuoso, sinxelo, sincero e próximo entre todos os que forman a comunidade educativa.
3. A oferta respectuosa dunha experiencia de fe que se caracteriza por: o encontro con Deus-Pai na vida ordinaria e a confianza Nel; a celebración da fe, os sacramentos (Eucaristía e Reconciliación), e o trato familiar con Xesús na Eucaristía; unha profunda e tenra filiación mariana, coa celebración das súas festas; o sentido de Igrexa, de irmáns, pedindo perdón e perdoando; a proxección solidaria e misioneira da propia fe.

4. Unha pedagogía do corazón (O mellor libro do mestre, o neno), feita de proximidade e de acompañamento, pola cal os educandos hanse de sentir atendidos, comprendidos, aceptados e valorados.
5. O espazo escolar ha de ser lugar de encontro, creando espírito de familia con calor de fogar, para a configuración dunha comunidade educativa cristiá de laicos e de laicos consagrados que comparten unha mesma misión, aínda que con opcións diferentes de vida.
6. Proxectar a acción educativa alén da aula e do horario lectivo, a través das actividades complementarias e extraescolares, dos grupos de fe, abrindo a escola á vida e o contorno, e procurando que o alumno desenvolva ao máximo as súas capacidades.
7. O empeño de integrar aos pais dos alumnos no proceso educativo escolar, para o que se han de buscar espazos educativos que permitan unha acción conxunta planificada.

DIMENSIONS E ÁMBITOS EDUCATIVOS

AMBITOS DIMENSIONS	UN MESMO	MEDIO FÍSICO	MEDIO SOCIAL
COGNITIVA (Saber) <i>Valores intelectuais</i>	1 Coñecer o propio corpo. Coñecer e interpretar o propio "ser". Coñecer e interpretar a propia "forma de ser".	2 Coñecer e interpretar o medio físico. Coñecer e interpretar os mecanismos que rexen o medio físico. Coñecer e interpretar as leis que rexen o medio físico.	3 Coñecer e interpretar o medio social. Coñecer e interpretar os mecanismos que rexen o medio social. Coñecer a cultura e os valores que rexen a sociedade.
	4 Dominio do propio corpo (procesos motores e psicomotores)	5 Dominio técnico de obxectos e instrumentos.	6 Dominio de habilidades sociais
	7 Coidado de un mesmo (bo gusto) Atención equilibrada da estética do propio corpo.	8 Admiración, contemplación da natureza. Creación estética.	9 Captación, admiración e contemplación do patrimonio cultural estético.
APECTIVA <i>Valores afectivos</i>	10 Autoconfianza. Autovaloración. Autodominio. Autoestima.	11 Utilización das cousas en función das necesidades. Austeridade. Distanciamento afectivo e creativo das cousas.	12 Superación de inhibicións e prexuízos limitadores da comunicación. Dar e recibir. Entrega. Integración grupal.
	13 Afirmación do eu ante, con e para os demais.	14 Respecto e coidado dos bens comúns.	15 Actitudes tolerantes e democráticas. Inclusión e acollida Dereitos e deberes cívicos. Interacción social.
ÉTICA <i>Valores éticos</i>	16 Conciencia autónoma. Deberes para consigo mesmo. Responsabilidade ante si mesmo.	17 Utilización de medios e materiais físicos en función de fins naturais. Respecto á vida.	18 Respecto, xustiza, solidariedade, etc. Interculturalidade.
RELIXIOSA <i>Valores relixiosos</i>	19 Experiencia relixiosa individual. Intimidade relixiosa.	20 Visión relixiosa (cristiá) da realidade física.	21 Expresión explícita de valores cristiáns fronte á camuflaxe e reduccionismo oportunista das mensaxes. Compromiso relixioso (cristián) Experiencia relixiosa comunitaria. Visión relixiosa (cristiá) da realidade cultural.

2. FINALIDADES (OBXECTIVOS XERAIS)

Inspirado nos principios citados anteriormente, o colexio LA GRANDE OBRA DE ATOCHA propónse, como finalidades da súa acción, facer posible que os educandos, ao remate da súa escolaridade no centro, atinxan un nivel de maduración que concretamos nos seguintes trazos de personalidade:

1. Dimensión cognitiva ou do saber

- a) O coñecemento de un mesmo, que comeza polo coñecemento do corpo e segue co coñecemento da propia forma de ser, das verdadeiras capacidades persoais, e ha de chegar á comprensión do propio ser en tanto que persoa.
- b) Coñecer e interpretar o medio físico a través das leis e mecanismos que o rexen, así como as técnicas de estudo, de investigación e de experimentación que lle posibiliten avanzar de forma permanente no seu coñecemento.
- c) Coñecer e interpretar o medio social: os distintos mecanismos de funcionamento, os trazos culturais e os valores que rexen ás sociedades nos distintos contextos históricos.

2. Dimensión do saber facer

- a) Dominio do propio corpo mediante un axeitado desenvolvemento da psicomotricidade e as habilidades relacionadas coa saúde.
- b) Dominio técnico de obxectos e instrumentos, especialmente dos relacionados coas novas tecnoloxías.
- c) Dominio dos xeitos sociais que lle permitan desenvolverse de forma fluída e creativa cos demais: asertividade, flexibilidade, adaptabilidade, comunicación, escoita, etc.

3. Dimensión estética

- a) Desenvolvemento do bo gusto no coidado equilibrado do propio corpo, desde unha visión crítica dos estereotipos sociais e desde a aceptación básica da propia imaxe.
- b) Desenvolvemento da capacidade de admiración, contemplación e goce estético ante as manifestacións naturais e ante as humanas de contido artístico. Desenvolvemento da capacidade de creación estética.
- c) Desenvolvemento da capacidade de admiración, contemplación e goce estético do patrimonio histórico e cultural da sociedade á que se pertence, así como da de outros pobos.

4. Dimensión afectiva

- a) Desenvolvemento dunha imaxe positiva de si mesmo conducinte a un axeitado nivel de autoestima desde o que o educando poda aceptar as súas limitacións e potenciar as súas capacidades.
- b) Capacidade de usar as cousas e os bens de consumo en función de necesidades reais, e de superar dependencias afectivas respecto a eles.
- c) Capacidade de crear vínculos estables cos demais, de se integrar nos grupos de pertenza, e de establecer relacións a través das que se

aprenda a dar e a recibir, a dar sen recibir e a entregarse de forma comprometida.

5. Dimensión social

- a) Desenvolvemento do sentimento de pertenza aos distintos grupos cos que se está vinculado sen perda da identidade nin da autonomía persoal.
- b) Desenvolvemento das actitudes de respecto e de coidado responsable dos bens comúns e do medio físico.
- c) Desenvolvemento das actitudes democráticas, así como da equilibrada toma de conciencia de deberes e de dereitos, e a superación de prexuízos e estereotipos sociais, como base da interacción social. Desenvolvemento da capacidade de traballar en colaboración cos demais.

6. Dimensión ética

- a) Desenvolvemento progresivo dunha conciencia moral autónoma que permita ao educando levar a cabo a incorporación persoal dos valores éticos e responder ante si mesmo dos deberes que estes esixen.
- b) Desenvolvemento de actitudes de respecto e defensa da vida, así como da utilización dos medios físicos cos que se interactúa en función de fins naturais (actitude ecolóxica integral).
- c) Desenvolvemento dunha conciencia clara do valor persoal que permita aos alumnos responder ante os demais con actitudes de respecto, de liberdade, de xustiza, de solidariedade, etc., e que lles inxira, chegado o caso, a tomar parte en accións comprometidas de axuda dentro de grupos de voluntariado social.

7. Dimensión relixiosa

- a) Capacidade de cultivar a experiencia da transcendencia relixiosa individual, descubriendo o amor de Deus-Pai que se manifesta “aos pequenos e sinxelos”, así como da intimidade relixiosa a través da oración, en actitude filial de fe e confianza.
- b) Desenvolvemento dunha visión cristiá da realidade da contorna que lles permita ler e interpretar os datos da ciencia e da cultura desde visións evanxélicas.
- c) Desenvolvemento da capacidade de compromiso cristián, espírito misionero, coas realidades sociais, e de compartir a experiencia relixiosa comunitaria a través dos sacramentos e de outras celebracións litúrxicas, a partir dun proxecto integral de iniciación cristiá, que ten por centros o amor á EUCARISTIA e a devoción filial á SANTÍSIMA VIRXE. Desenvolvemento da conciencia de pertenza á comunidade parroquial correspondente.

3. COMO ENTENDEMOS O PROGRESO EDUCATIVO NO NOSO CENTRO

Coherentemente coa nosa perspectiva personalizadora da educación e coas nosas finalidades educativas inscritas no ámbito do humanismo cristián, **entendemos a aprendizaxe do alumno como un proceso de maduración cognitiva, afectiva, social e da liberdade**. Partimos da convicción de que toda medra nestes catro espazos da súa personalidade pon ao educando en disposición de tomar opcións máis ceibes e conscientes polos valores de transcendencia que lles propoñemos incorporar á súa vida.

En consecuencia, deseñamos os obxectivos da aprendizaxe dos nosos alumnos en torno aos estándares de maduración que en ditos catro campos se corresponden coa idade evolutiva dos educandos. Asumimos que as diversas áreas ou materias non son senón medios ou instrumentos para alcanzar esa madurez. Así pois, ao deseñar os obxectivos de aprendizaxe en cada un dos ciclos e en cada unha das áreas de aprendizaxe, non nos preguntamos o que ten que aprender un alumno, senón qué efecto pretendemos que produza na maduración da súa personalidade aquilo que aprende.

1. *A madurez cognitiva*. Entendemos que a madurez cognitiva vén determinada pola presenza dunha estrutura mental que actúe como referente de interpretación da realidade, e polo desenvolvemento progresivo dunhas capacidades intelectuais que lles permitan seguir aprendendo ao longo da súa vida e ser donos dun pensamento autónomo. En consecuencia:
 - a) Os contidos de cada área ou materia organizaranse de tal maneira que, poñendo sempre **o valor persoal como centro** de dita organización, posibilite ao alumno integrar todos os coñecementos dos distintos campos da ciencia e da cultura en torno ao ser humano e, en consecuencia, a persoa se convirta en referente de interpretación de ditas realidades.
 - b) Á súa vez, entendemos que se os coñecementos non se transforman en capacidades para progresar no coñecemento, non serán apenas relevantes na aprendizaxe. Por iso, desde o inicio da escolaridade no noso colexio ata o final do mesmo, orientarase o ensino de todas as materias ao logro de capacidades e destrezas intelectuais para que o alumno capte información por si mesmo, para que realice as complexas operacións de elaboración desas informacións e poida comunicalas con fluidez e precisión.
2. *A madurez afectiva*, e a través da actividade de aprendizaxe, o alumno debe desenvolver os estándares de maduración que se corresponden á súa idade no referente á afirmación de seu ou medra da súa autoestima. Á hora, pois, de deseñar os obxectivos da aprendizaxe dos nosos alumnos, establecemos tamén metas progresivas, en función das idades, referidas a este campo.
3. *A madurez social*. En estreita relación co desenvolvemento afectivo, o alumno ha desenvolver unha madurez social. Tal madurez apunta a

obxectivos de equilibrada integración e creativa interacción social cos distintos círculos persoais cos que convive.

4. *A madurez da liberdade.* No noso centro non entendemos a educación simplemente como a acción dirixida ao modelado de condutas dos nosos alumnos, senón como unha acción de influencia dirixida a posibilitar que vaia facendo un uso crecente e responsable da súa liberdade.

Por todo iso, o colexio articulará todo o seu ensino en torno a obxectivos coherentes entre si ao longo dos distintos ciclos, progresivos e adaptados á idade evolutiva dos seus alumnos nestes catro ámbitos do seu desenvolvemento.

Esta opción da aprendizaxe conduce a que a avaliación do progreso educativo do alumno non se leve a cabo só en torno aos coñecementos adquiridos, senón en torno a indicadores de maduración nos espazos aludidos.

Así mesmo, os métodos de ensino han de ser coherentes con estas intencións (personalizados, alegres, prestando especial atención ó canto, activos, innovadores ...)

A adopción deste modelo de ensino-aprendizaxe esixe o compromiso activo de todos os axentes da comunidade educativa do centro.

4. DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN.

As Finalidades ou Obxectivos Xerais expostos anteriormente son para nós o referente de valoración da realidade do noso centro e da súa contorna. Á luz de tales obxectivos lemos e interpretamos as circunstancias concretas do mesmo que nos conduzan a avaliar e a discernir cales son as áreas de atención preferente na acción educativa. Con este criterio levamos a cabo o estudo da situación do noso colexio a fin de detectar cales son aqueles ámbitos educativos que demandan unha dedicación prioritaria na nosa planificación. Do estudo realizado, deducimos as seguintes orientacións:

1. É un centro católico, privado concertado, que imparte as ensinanzas de Educación Infantil (desde 2 anos) hasta Bacharelato, e tamén un Ciclo de Xestión Administrativa e un Programa de Garantía Social.
A **contorna** urbana do noso colexio La Grande Obra de Atocha é o correspondente a un distrito de clase media-baixa. Detectamos, que a influencia na educación dos nosos alumnos procede, non tanto do específico e estrito ámbito xeográfico e socioeconómico no que está situado o colexio, senón dos valores, estilos de vida e vivencias sociais presentes na sociedade urbana.
Así pois, se constata que o sistema de valores desde o que o colexio pretende orientar a súa acción educativa, é claramente diverxente co sistema de valores promovidos pola sociedade na que está inserto.
2. No marco da descrita contorna xeográfica e socioeconómica, sitúase a **contorna familiar** dos nosos educandos. Familias formadas principalmente por traballadores, obreiros e funcionarios nas que progresivamente se vai incorporando a muller ao mundo laboral exterior ao fogar, ademais doutros que están no paro. Hai un número moi alto de alumnos de familias desestruturadas, separadas, monoparentais, ausencia do pai; outros de pais alcohólicos, drogadictos, e outros que están en centros de Acollida dependentes da Xunta. Un número moi alto están sendo atendidos tamén polos Servizos Sociais do Concello. Todo isto leva a problemas afectivos e de equilibrio emocional importantes en moitos nenos.
É de destacar o número alto de inmigrantes que están escolarizados no Centro: Máis de 150, que proceden de máis de vinte países distintos, algúns de idioma tamén distinto, o que supón unha gran interculturalidade. Polo iso tamén temos establecido un Plan de Acollida, para traballar con estes nenos.
Hai algún alumno tamén de etnia xitana.
Dada toda esta problemática, hai outro número importante de alumnos con problemas de conducta, que están con asistencia de psiquiatra, algúns con deficiencias sensoriais, motoras, auditivas, etc.. isto fai que sexa necesario prestar un apoio ou reforzo educativo importante a un número elevado de alumnos de distintas idades e niveis.
Por iso e para axudarlle a estes rapaces, a través da Aula de Educación Especial e do Programa de Cualificación Profesional Inicial, intentase que

os alumnos adquiren unha formación xeral a través dunha educación máis personalizada, e poidan acceder aos Ciclos Formativos.

Ao confrontar a realidade familiar dos nosos alumnos coa posibilidade de alcanzar as nosas finalidades educativas, hai determinados déficits que condicionan a eficacia do labor formativo escolar.

Así, conséntase que é difícil a comunicación e acordo entre ambos para planificar estratexias de mellora na educación e a aprendizaxe dos seus fillos. En moitos casos non existe preocupación por parte das familias polo proceso educativo dos fillos.

Ao mesmo tempo, é coincidente tamén a percepción de ambos de que o clima familiar de baixo nivel de esixencia e de esforzo limita notablemente a posibilidade de alcanzar mellores rendementos na aprendizaxe. A iso contribúen tamén actitudes excesivamente pragmáticas polas que se tende a valorar máis o éxito académico que o esforzo, as cualificacións máis que o progreso na aprendizaxe.

Existen dificultades determinantes para alcanzar os obxectivos que se propón o colexio: a ausencia dun clima de diálogo e de comunicación entre pais e fillos, e a crecente vulnerabilidade das estruturas familiares formais que poñen en perigo o desenvolvemento do equilibrio emocional do educando.

3. Polo que respecta aos **servizos complementarios**, e a pesar de que a comunidade educativa é consciente das limitacións que, en materia de locais e de instalacións ten un centro con moitos anos de antigüidade e con dificultades de actualización, tense conciencia de rendibilizar ao máximo as disponibilidades. Os posibles déficits de infraestruturas materiais son compensados con recursos de orde pedagóxica e didáctica.

É de destacar o servizo do comedor propio, que utilizan moitos alumnos, sobre o 65% dos matriculados, por necesidades de traballo dos pais/titores e necesidades de alimentación. Un número importante son bolseiros da Institución, outros abonan unha mínima cantidade, seguindo o mesmo criterio do seu Fundador D. Baltasar: “Mal pode ter ansias de estudar quen as ten de comer”.

O Centro é sensible tamén a outras necesidades materiais: a algún nenos dáselles o almorzo, ademais do xantar, a merenda, roupa, uniforme escolar, calzado, material escolar, etc... Hai casos nos que incluso hai que darlles mantas e outros materiais para satisfacer as necesidades elementais dunha familia.

A labor de atención aos alumnos con necesidades especiais de aprendizaxe e, en xeral, a atención á diversidade, áreas ás que o colexio é especialmente sensible, vense limitadas pola falta dos recursos humanos e materiais necesarios, dos que debe responder a Administración, por se tratar dun centro concertado. Sen embargo, o centro fai un gran esforzo para o apoio a estes

alumnos, que ten algúns educadores e colaboradores que desinteresadamente dan o seu tempo para axudarlles.

4. **Os educadores do centro**, cunha adecuada formación científica e pedagóxica, tratan de proporcionar unha atención personalizada aos seus alumnos –aspecto nuclear da nosa pedagogía e do noso proxecto educativo–, tanto a través dos seus correspondentes labores docentes ordinarias como a través da acción específica das titorías.

Entenden, non obstante, que no feito da calidade educativa incide de forma especial e prioritaria o nivel de motivación que, como profesionais, poidan alcanzar no exercicio diario do seu labor. Tal motivación debería atinxir á máxima identificación dos docentes coa misión evanxelizadora da nosa escola. Para iso, advírtese a necesidade dunha formación sistemática e continua sobre o ideario e estilo educativo e dunha maior participación na vida interna do centro.

Por outra parte, manifestan a necesidade de programar o ensino e de incrementar o traballo en equipo co fin de atinxir unha maior eficacia da acción educativa do centro e dotalo dun estilo propio.

Constátanse tamén os escasos recursos persoais para poder atender con calidade aos moitos problemas, de distintos tipos, que ten o noso alumnado.

5. Polo que respecta ao exercicio da **función directiva**, valóranse como prioritarias aquelas accións dirixidas a definir e a soster de forma clara os obxectivos do centro a corto, medio e longo prazo; a dinamizar o equipo para o logro de ditas metas, e a cohesionalo para configurar unha verdadeira comunidade educativa **que manteña viva a identidade do Centro**.

Así mesmo, entenden que facilitar a participación dos membros de dita comunidade educativa nas tomas de decisións que lles afectan, garantindo os obxectivos de calidade do Proxecto Educativo, e, segundo os ámbitos que a cada grupo lle corresponde, ha de ser o medio para a creación e articulación de dita comunidade educativa.

Por último, estiman que unha misión prioritaria da función directiva ha de ser a de administrar os recursos materiais e humanos con criterios de eficacia educativa.

Dadas as peculiaridades do centro, a dirección estará en comunicación e colaboración cos Servizos Sociais do Concello, co Servizo do Equipo de Menores da Consellería correspondente e con outros organismos que sexa necesario, para intentar axudar na medida do posible aos alumnos e ás familias que o necesiten.

Por outra parte está tamén en continua relación con outros Centros católicos a través da FERE, cos que participan en diversas actividades. Tamén ten a posibilidade de asinar Convenios de Colaboración con outras Empresas para que os alumnos poidan facer a FCT, coma Caixa Galicia, Coysa-Ruiz, El Corte Inglés, Fremap, Mafre ...

6. Todos os ámbitos citados conflúen de forma activa nos perfís da formación que **os nosos alumnos** adquiren no centro. Detectamos que, á luz das nosas finalidades, son satisfactorios os niveis de desenvolvemento

cognitivo relacionados cos coñecementos, as destrezas intelectuais e a capacidade de expresión que adquiren os nosos alumnos.

Non obstante, e sempre tomando como referente as nosas máis específicas finalidades, estimamos que se ha de prestar unha atención especial a aqueles outros obxectivos que se manifestan máis deficitarios na análise da situación, tanto no campo dos valores cívicos, humanos e evanxélicos como no do desenvolvemento da mentalidade crítica e no da autoafirmación progresiva do seu eu.

Prioridades

Polo tanto, o colexio prestará unha atención especial, e durante o tempo que sucesivas avaliacións o aconsellen, á consecución dos seguintes obxectivos de formación dos seus educandos:

1. Que os alumnos vaian adquirindo progresivamente un alto nivel de autoestima, de autonomía persoal e de equilibrio emocional.
2. Que os alumnos desenvolvan unha relixiosidade reflexiva, leda, sinxela e comprometida, necesitados da axuda de Deus-Pai e da Virxe Nai
3. Que os alumnos interioricen progresivamente os valores da sociabilidade e cultiven as actitudes de respecto, tolerancia, acollida, solidariedade comprometida, responsabilidade, traballo, disciplina e esforzo diario.
4. Que os alumnos desenvolvan progresivamente unha mentalidade crítica ante propostas de aprendizaxe, os medios de comunicación e acontecementos da súa contorna

Para a consecución de ditos obxectivos, ademais das correspondentes actividades de aprendizaxe estratéxica que os docentes programarán de acordo con criterios profesionais e de forma coordinada, **o centro dará prioridade ás seguintes liñas de acción:**

1. A creación de espazos de encontro e de colaboración entre pais e educadores para harmonizar as accións educativas e establecer obxectivos comúns de educación.
2. A incorporación crítica ás programacións curriculares das actuais vivencias culturais e sociais presentes na vida diaria dos nosos alumnos, co fin de os pór en disposición de facer xuízos de valor sobre os mesmos e adoptar condutas coherentes cos valores que preconiza o centro.

3. Incrementar o espírito e a práctica de traballo en equipo dos docentes, de maneira que se leve a cabo unha programación, unha execución e unha avaliación coordinada e permanente dos labores educativos.
4. A apertura de espazos nos que os educadores poidan tomar parte con espírito creativo en decisións que lles afectan para o mellor logro dos obxectivos fundamentais do centro.
5. A creación de climas con suficiente capacidade de motivación nos que os educadores atopen alicientes para mellorar a súa acción educativa.
6. A programación de planos sistemáticos de formación, de actualización e de afondamento do profesorado nas áreas prioritarias, segundo as finalidades do centro e as necesidades de mellora deste.

Nesta liña de intencións prioritarias, o centro organizará os seus planos de actuación estratéxica, establecendo metas progresivas, sinalando os procesos e utilizando os instrumentos permanentes de avaliación que lle permitan avaliar a adecuación entre fins e medios e introducir as melloras pertinentes.

5. PAUTAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO¹

Os fins que persigue o colexio LA GRANDE OBRA DE ATOCHA e o modelo educativo que oferta á sociedade esixen, ineludiblemente, que os distintos membros e grupos (representantes da titularidade, profesores, persoal non docente, pais ou titores legais de alumnos, e alumnos) **se configuren como unha comunidade educativa cristiá**. Por iso, ademais de asumir como propias as pautas e as estruturas organizativas prescritas pola Administración, adopta aquelas que considera máis pertinentes en orde a conformar dita comunidade.

1. A Entidade Titular

O Instituto Secular Fillas da Natividade de María é a entidade titular do colexio. Asume, como tal, a responsabilidade da creación do centro e do mantemento dos fins últimos deste, enunciados no presente Proxecto Educativo. En consecuencia, asume a última responsabilidade ante a Igrexa, ante os poderes públicos, ante a sociedade e ante todos os membros da comunidade educativa.

A entidade titular, en tanto que empregadora, entende e asume os dereitos e deberes propios das relacións laborais non como simples relacións contractuais, senón como medios necesarios para facilitar ás persoas contratadas o mais pleno cumprimento da súa vocación orixinal: **a secularidade**. Con espírito comunitario, pois, as decisións propias deste campo terán sempre presente a colaboración, para que os distintos membros leven a cabo as funcións propias dirixidas á perfección do seu estado (a familia ou o celibato) e o “compromiso temporal”.

2. A Dirección do Centro

O director/a representa oficialmente ao colexio, é o responsable do cumprimento da normativa vixente e orienta e coordina toda a actividade do centro en orde ao logro dos obxectivos do presente Proxecto Educativo.

Se ben o seu nomeamento e o seu cese corresponden á entidade titular, esta terá especialmente en conta as consideracións e propostas do conxunto do equipo docente, elemento nuclear da comunidade educativa, chamado a tomar parte nas decisións que lle afectan.

A función directiva poderá ser exercida por calquera docente membro da comunidade educativa (laico consagrado ou laico) que reúna as condicións legais e as de idoneidade para o cargo estimadas pola entidade titular.

Co mesmo criterio se producirá o nomeamento e cese do resto dos cargos directivos.

O director/a, así como o resto dos cargos directivos, dispoñen do espazo de autonomía propio do exercicio das funcións que se lles sinalan no Regulamento de Réxime Interior, tanto en relación coa entidade titular como en relación cos demais órganos colexiados do centro.

¹ Sería innecesario que incluíramos neste apartado a normativa acerca da organización, funcións, dereitos e deberes, etc., de cada un dos órganos e sectores da comunidade educativa que se enuncian na Lei. Incluímos soamente aqueles matices diferenciais que poden dar “carácter propio” ó centro.

3. O Consello Escolar

Independentemente da composición e das atribucións de control e xestión que a normativa vixente establece para o Consello Escolar, o colexio desexa pór no primeiro plano as funcións de participación, co fin de que se visualice nel o **espírito de comunidade, familia**, eixo central da nosa organización.

Para iso, é necesario que a titularidade e a dirección do centro, como membros de dito Consello, manteñan claros nel, de forma permanente, os obxectivos e finalidades do centro; que os membros de cada sector exerzan unha representación real e operante, e que estean claramente definidos cales son os temas dos que os distintos representantes deben ser informados, cales son aqueles sobre os que han de ser consultados, e cales os que van ser decididos polo conxunto dos membros do Consello.

4. Os Profesores

Os profesores-educadores son o núcleo da comunidade educativa do noso centro. Se esta, ademais, ha de ser cristiá, se supón que é lexítimo que o colexio demande deles **unha identificación** básica cos valores xerminais do seu Proxecto Educativo cristián. A este respecto, o colexio fai seu o recoñecemento do dereito á liberdade de cátedra do profesor (Constitución Española, Art. 5.3), pero entendendo que tal dereito está subordinado e é dependente do dereito dos pais a escoller o modelo educativo, e do dos titulares a dirixir un proxecto fundamentado nuns determinados valores. O profesor contará coa autonomía suficiente para o exercicio da súa liberdade profesional, garantindo a coordinación curricular e a eficacia académica e educativa. A entidade titular, a dirección e o conxunto do equipo docente velarán para evitar calquera tipo de intromisión de calquera outro axente externo en dito espazo de autonomía.

Na súa condición de membro dunha comunidade, o profesor, ben directamente, ben a través dos distintos grupos de participación, ha de tomar parte nas decisións que lle afectan e nas que afectan á colectividade. Participará, pois, na determinación dos obxectivos instrumentais para atinxir os fins do Proxecto Educativo, na toma de decisións acerca das estratexias máis axeitadas para atinxir aqueles, e na avaliación dos logros acadados.

A opción de vida pola secularidade dos profesores laicos non constitúe limitación ningunha para acceder a funcións de dirección e de administración do centro, á dirección de actividades diversas de pastoral ou a calquera outro labor propio da vida do colexio.

Dentro do espírito comunitario, a entidade titular tomará en conta as consideracións e propostas do equipo docente e do persoal non docente ante os cambios de estatus ou cambios estruturais que deba acometer o centro, tendo en conta sempre o ben común, dentro das finalidades últimas da institución e do colexio.

Constitúen tarefas típicas do profesor no noso centro, ademais dos propios da dirección do progreso de aprendizaxe do alumno, tal como quedou definido no presente Proxecto Educativo, o labor de orientación do alumno, independentemente de que se exerza ou non responsabilidade titorial, e o labor de integración dos pais dos alumnos nos procesos educativos, de acordo coas fórmulas que o centro articule a tal efecto. Así mesmo, debe entenderse que, asumida a delegación da Igrexa e da institución ante os seus alumnos, o profesor incorpora ao conxunto das tarefas propias a dirección daquelas actividades curriculares ou extraescolares que o colexio organice dentro da súa misión evanxelizadora.

O profesor disporá de medios para a súa formación permanente, tanto no ámbito profesional como no ámbito referido ás finalidades últimas do centro, de acordo coas necesidades detectadas no colexio e de acordo coas súas posibilidades reais. O noso centro está metido nos programas de calidade educativa promovidos desde a FERE.

Os profesores de nova incorporación ao centro comprométese a participar nas actividades formativas que o colexio estableza para a mellor integración na totalidade do seu Proxecto Educativo.

Os horarios de actividades académicas, complementarias e extraescolares estableceranse sempre tendo en conta o ben maior dos alumnos. Calquera outro interese de pais, profesores ou entidade titular subordinarase a aquel.

5. Os Alumnos

A persoa do alumno en proceso de formación integral é o cerne de toda a actividade educativa do noso centro.

Ademais dos dereitos e deberes que se lles recoñecen a todos na lexislación vixente, o noso colexio asigna dereitos preferentes aos alumnos con necesidades especiais. A este respecto, e dentro das posibilidades do centro, cobrarán especial importancia os programas de diversificación, os de garantía social e, en xeral, todas aquelas actividades reguladas e non reguladas destinadas á compensación de déficits de diversa orixe.

O centro recoñece e respecta a liberdade de conciencia dos seus alumnos, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais. Desde ese respecto, sen embargo, o centro, definido como de carácter propio, proporciona unha educación fundamentada na mensaxe evanxélica e os valores humanos que del se derivan. Articula o seu ensino e organiza as súas actividades en torno a dita mensaxe e valores, e, en consecuencia, o alumno ten o deber de respectalos.

O colexio, ademais de garantir un clima xeral de presenza dos valores anteriormente sinalados, oferta aos alumnos que así o desexen uns espazos de profundización e uns espazos de compromiso cristiáns máis específicos.

Co fin de integrar aos alumnos na vida da comunidade educativa e en función da súa idade, o centro organiza grupos ao obxecto de promover actividades, canalizar as súas opinións, propoñer solucións aos distintos problemas que xurdan na vida colectiva e posibilitar a iniciativa e a creatividade.

6. Os Pais dos alumnos

Os pais dos alumnos son os axentes primeiros da educación dos seus fillos e, por iso, a súa participación nos procesos educativos dos seus fillos non pode limitarse ao momento de elección de centro. A normativa vixente establece vías de participación a través de representantes no Consello Escolar, a través da Asociación de Pais e das relacións persoais cos titores e profesores dos seus fillos.

Tanto os representantes dos pais como o resto da comunidade escolar terán presente que, á hora de abordar os distintos problemas que podan xurdir no centro, se han de guiar polo principio de respecto ao labor profesional dos educadores dos seus fillos; polo principio de subsidiariedade, de tal maneira que os problemas individuais non se deben converter en problemas colectivos; polo principio de xerarquía, que conduce a abordar os problemas seguindo vías ordenadas, e polo principio de cooperación, que dá prioridade ao diálogo sobre o conflito.

Os pais, a través da súa asociación, dispoñen dun espazo de autonomía para planificar e levar a cabo actividades propias dos fins daquela no marco dos obxectivos do presente Proxecto Educativo.

O centro contribuirá cos medios de que dispoña en cada momento a facilitar a realización de ditos fins.

6. CONCLUSIÓN: MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A nosa **MISIÓN** é continuar e propagar a Obra do noso Fundador, que fixo esta Institución católica de carácter benéfico-docente (1923) para paliar e satisfacer as necesidades materiais e morais dun barrio marxinal coruñés (o barrio de Atocha) e levantalo a un nivel de Dignidade Humana e Ética (“*A educación é a máis nobre das empresas e o mellor ben que se pode facer ao home*”, Baltasar Pardal Vidal, Fundador).

Foi inaugurado o 30 de agosto de 1923, asentado en catro piares: Gran Cociña, Grande Escola, Gran Taller e Grande Igrexa.

Os nosos Centros da Grande Obra de Atocha, fieis ao seu fundador Don Baltasar, están dedicados ós nenos e familias, sen discriminación algunha, dando preferencia aos máis necesitados, tanto material como espiritualmente, ofrecendo unha formación integral e harmónica da persoa a nivel humano, intelectual e cristián.

- **Humano:** Os nosos Centros interézanse polas necesidades materiais e afectivas da persoa. Acollen con calor de fogar ós alumnos, optando sempre polos máis necesitados e atendendo preferentemente ós que se encontran en maior dificultade: inmigrantes, fillos de drogodependentes, nenos de centros de acollida, de familias desestruturadas,...
- **Intelectual:** Atendemos ás distintas necesidades educativas e formativas, desde Infantil (2 anos), Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclo Formativo e PGS e, tamén, actividades para adultos: bolillos, bordado, corte e confección, informática, bailes de salón,... fomentando un clima escolar ordenado, ledo e afectuoso pero á vez esixente, onde os conceptos de esforzo, deber, respecto e disciplina se vexan fortalecidos.
- **Cristián:** O amor á Eucaristía e a María son os piares da nosa espiritualidade. Seguimos os principios e ensinanzas de Don Baltasar a través dunha formación catequética e misioneira. Queremos chegar á vivencia da Infancia Espiritual mediante unha fe sinxela que sinte a Deus como Pai. A ledicia, a sinxeleza, a transparencia, a sinceridade,... son características da nosa identidade.

E todo iso enmarcado nunha constante e estreita colaboración cos tres eixes principais da Educación: A Familia, a Sociedade e a Igrexa, apoio que consideramos esencial no desempeño do noso labor.

VISIÓN

Queremos, nun horizonte temporal de cinco anos, que os alumnos/as cando saian do centro sexan persoas ceibes, comprometidas socialmente, que teñan un proxecto de vida, un compromiso cristián e que estean ben formados academicamente, para satisfacer as necesidades que demanda a sociedade actual.

Queremos ser percibidos como **Centros Educativos Católicos**, próximos e abertos a tódalas necesidades actuais, pola entrega xenerosa dos educadores,

do persoal e dos colaboradores do centro, nun ambiente de fraternidade, sinxeleza, ledicia e amizade.

Queremos incidir na contorna levantándoa e transformándoa desde os valores do Evanxeo, é dicir, construír unha **comunidade eucarística** que acolla, arredor da súa mesa, o amor a Deus e a María, e insistindo en que a **familia** é o principal vínculo social que fai presente e real a mensaxe de Xesús.

Queremos persoas que asuman o liderazgo e tomen decisións, aceptando aos distintos líderes do centro, que innoven, sendo creativas, comprometidas e con coherencia de vida

Queremos familias implicadas no proceso educativo dos seus fillos, que participen na súa formación integral según os nosos valores, que colaboren e respeten ao centro na súa labor educativa.

VALORES

Os nosos Centros desenvolven a súa labor educativa co espírito e estilo de D. Baltasar, en sintonía coa familia, da man da cultura e en contacto coa natureza, caracterizados por:

- Ambiente de fraternidade, alegría e amizade.
- Apertura a todos, especialmente aos máis necesitados.
- Entrega xenerosa dos educadores.
- Posibilidade de integración no medio social e cultural inmediato.
- Respostas ás necesidades reais dos alumnos e da sociedade.
- Axuda a descubrir e asumir unha xerarquía de valores que dé sentido a vida.
- Un modelo educativo aberto a transcendencia fundando a súa acción educativa no Evanxeo de Xesús e nas ensinanzas da Igrexa Católica.
- Un proxecto integral cuio centro son A EUCARISTÍA E MARÍA.
- Una educación para a solidaridade entre os homes e entre os pobos intentando camiñar, abertos a outras culturas, hacia unha fraternidade universal.
- Para continuar coa labor do Pai - Fundador o salón - capilla e un lugar de encontro diario nunha visita de acción de grazas ao noso Pai - Deus antes do comenzo das clases con oracións, cantos, música... recurso que alegra, impulsa, anima e crea un ambiente de benestar e cordialidade para un mellor comenzo do día. "Mi deseo es quedar entre los niños para continuar haciendo con ellos la visita a Jesús Sacramentado".

COMPETENCIAS CRÍTICAS

Entre os nosos puntos fortes temos:

- Unha educación de calidade avalada por recoñecementos externos.
- Grupos de pastoral educativa
- Asociacións vinculadas ao centro
- Intervención do Centro na solución de necesidades materiais e educativas.
- Atención específica aos alumnos/as procedentes doutras culturas.
- Persoal docente implicado nas novas tecnoloxías, na educación no tempo libre ..., que fan que o Centro estea en constante dinámica.
- Clima laboral bo
- Temos líderes que permiten marcar unha mesma liña de traballo (avánzase na unificación).
- Estabilidade nos postos dos líderes
- RRI, Proxecto Educativo, Valores e Plan de Formación común.
- Estabilidade laboral do noso persoal
- Sistemática unificada no diseño e despliegue de procesos
- Unha educación de calidade avalada pola Q de Plata + 400 puntos seguindo o modelo EFQM
 - Unha formación catequética (Comunión e Confirmación) e eucarística (Infantado e Servizo Eucarístico).
 - Grupos de Pastoral Educativa e Vocacional.
 - Actividades formativas para adultos
 - Intervención do Centro na solución de necesidades materiais e educativas.
 - Atención específica aos alumnos/as procedentes doutras culturas.
 - Persoal docente implicado nas novas tecnoloxías, na educación no tempo libre ..., que fan que o Centro estea en constante dinámica.

Dentro do noso compromiso coa mellora continua, as nosas liñas de acción quedarán definidas no Plan de mellora de cada curso escolar.